

MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO

RECLAMACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS GASTOS ORIXINADOS POLA COVID19 NOS CENTROS DE EDUCACIÓN PÚBLICA DO GROVE

O Grupo de Goberno do Concello do Grove, ao amparo da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate e votación en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Da importancia da educación como dereito fundamental

O dereito á Educación é un **dereito fundamental** recollido no artigo 27 da Constitución e os centros educativos son o espazo físico no que se desenvolve e articula este dereito. A Comunidade Autónoma de Galicia ten **competencias plenas** e exclusivas en materia de Ensino, tal e como recolle o artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

A pandemia supuxo un reto sen precedentes para o sistema educativo. Estamos nunha situación inédita e o curso escolar 2020-2021 comeza coa dificultade engadida do peche das aulas producido no curso pasado durante o período máis duro da pandemia. Todas as administracións competentes teñen xa manifestado a súa vontade de **apostar pola educación presencial**, conscientes de que a educación a distancia, a pesar do esforzo sen precedentes do profesorado, non substitúe o papel da contorna escolar, a interacción directa cos docentes, a socialización co resto do alumnado e, en definitiva, o proceso integral de aprendizaxe e desenvolvemento persoal da rapazada.

A maiores, o peche dos colexios xerou en Galicia o **incremento das fendas e desigualdades sociais**, debido á incapacidade de moitas familias para dispor dos recursos dixitais e persoais necesarios para optimizar a educación en liña. O papel da Xunta de Galicia, desentendéndose en gran medida da subministración dos equipamentos necesarios ás familias en risco de exclusión social, contribuíu decididamente a agrandar esa fenda. Foron os concellos, cos seus recursos, e as ANPA, co seu esforzo, quen traballaron arreo para mitigar o problema. Nin uns nin outras recibiron apoio da Xunta.

2. Sobre o protocolo de volta ás aulas da Xunta de Galicia

Esta corporación amósase partidaria, partindo das premisas de garantir a seguridade do alumnado, do profesorado e de todo o persoal, dun grande esforzo colectivo da volta ás aulas e, por iso, manifesta o seu **apoio a todas as accións que poida poñer en marcha o Goberno da Xunta de Galicia en consenso con todos os sectores da comunidade educativa**. Pero a realidade é que este consenso non existe e a volta ás aulas do estudiantado de primaria (estando a día de hoxe inda en incerteza as de secundaria e formación profesional) foi un exemplo do total desentendemento da Xunta de Galicia cara á educación pública.

De xeito previo ao comezo do curso, a Consellería de Educación elaborou un **protocolo que só conseguiu un rexeitamento total**. O profesorado pediu negociar un novo documento que garantise a seguridade sen descargala exclusivamente sobre os equipos directivos e no conxunto do profesorado. As ANPA indicaron que non foran escoitadas, e quedou claro que non se fixo absolutamente nada dende o Goberno autonómico para garantir servizos como os comedores, o Plan Madruga e actividades extraescolares. Incluso se recolleron opinións de sanitarios que dubidan da efectividade das medidas propostas no protocolo.

3. Sobre os custos impostos pola Xunta de Galicia ao Concello

Despois de todo o anterior, os concellos asistimos atónitos a un novo intento da Xunta de recorrer ao coñecido e habitual “mecanismo” de **establecer novas obrigas municipais**, como a desinfección extraordinaria dos colexios de educación infantil e primaria, sen o necesario acompañamento financeiro para levalas a cabo.

Un recente informe do secretario xeral da Deputación de Pontevedra, emitido a instancias do Concello do Grove e do de Vilagarcía de Arousa, deixa ben claro que **non se trata dunha competencia municipal, senón autonómica**. Un ditame que vén sumarse a outros doutras institucións e expertos que apuntan na mesma dirección, atendendo a lexislación e normativas actuais:

- A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, indica que **as entidades locais non teñen competencias nin en Educación, nin en Sanidade** e que estas son exclusivas das comunidades autónomas.
- A pesar do anterior, a disposición adicional 4ª da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, establece que as competencias autonómicas en materia de educación, saúde e servizos sociais serían **prestadas temporalmente polos concellos** mentres non se estableza o marco normativo definitivo. En materia de educación, esta prestación temporal límtase ao **mantemento e á limpeza ordinaria dos colexios**. A Xunta, sete anos despois, aínda non lexislou.
- O referido Protocolo da Xunta de Galicia sobre adaptación dos centros educativos á Covid-19 introduce no seu punto cuarto unha **limpeza extraordinaria dos centros educativos durante a xornada lectiva** que vai moito máis alá da limpeza ordinaria que nestes momentos se realiza polos concellos e que, por tanto, **excede das competencias municipais temporais**.
- O Consello de Ministros de 16 de xuño de 2020 aprobou o Decreto polo que se creou o Fondo Covid-19, dotado con 16.000 millóns de euros para transferirles ás comunidades autónomas. Deses cartos, 2.000 millóns aparecen como especificamente destinados á Educación e foron repartidos durante o mes de setembro. **Galicia recibiu 92,9 millóns de euros extra do Goberno de España para Educación¹**.

1 Á Xunta de Galicia correspóndenlle 1.000 millóns destes fondos, dos que xa recibiu 268 millóns para o gasto sanitario durante o pasado mes de xullo; os 92,2 millóns foron ingresados en setembro, estando previsto un terceiro ingreso no mes de outubro e o cuarto a fins de ano, completando así o Fondo Extraordinario Covid-19 para Galicia.

4. Sobre a ausencia de solucións da Xunta de Galicia

Neste contexto, tendo en conta que estamos falando dun dereito fundamental como é a Educación, e que se debe traballar para conseguir que os nosos nenos e nenas poida asistir de xeito presencial e seguro á escola, está claro que todos os concellos galegos, incluído o do Grove, poñerán sobre a mesa todos os recursos para garantir ese dereito. Pero este factor **non debe servir para que, unha vez máis, a Xunta de Galicia eluda as súas obrigas.**

Non se trata dunha cuestión menor, son xa moitas e moitos as alcaldesas e os alcaldes que teñen anticipado a **imposibilidade de asumir un gasto extraordinario deste volume.** Nalgúns concellos pequenos, esta circunstancia mesmo pon en perigo a prestación de servizos municipais ordinarios.

A ausencia de recursos por parte da Xunta de Galicia supón unha **inxerencia na autonomía local** ao provocar que os concellos teñan que dedicar os seus fondos a tarefas distintas das aprobadas nos orzamentos, tendo que facer modificacións de crédito que desaxustan as arcas municipais e que poden supoñer perder outros servizos.

Comunidades autónomas como as Illas Baleares asumiron a limpeza extraordinaria dos colexios, dando por feito que se trata dunha competencia autonómica. **A Xunta de Galicia non transferiu fondos para esta cuestión.** A día de hoxe, os concellos tan só recibiron axuda efectiva para paliar os gastos da pandemia por parte da Deputación de Pontevedra, que transferiu 1,7 millóns de euros dun fondo extraordinario durante o pasado mes de marzo.

O gran problema é que as **perspectivas con respecto á Xunta de Galicia non son positivas.** En declaracións aos medios de comunicación o 8 de xuño, o presidente Alberto Núñez Feijóo esixíalle máis fondos ao Goberno central (a pesar de que non se trata de fondos propios senón duns recursos creados especificamente para lle facer fronte a esta pandemia) ao tempo que esixía “autonomía total para que cada comunidade poida gastar libremente en función das súas necesidades específicas”.

O vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, vén de manifestar estes días que **a Xunta non vai repartir os fondos estatais que está a recibir entre os concellos** e que a Xunta tampouco vai realizar transferencia adicional ningunha de fondos propios. Á vista deste escenario de absoluta falta de colaboración institucional, moitos concellos xa teñen anunciado a súa negativa a desinfectar os colexios.

Tampouco debe pasarse por alto que **non só somos os concellos os que nos vemos afectados polo feito de que a Xunta non asuma as súas competencias** e non se implique no bo funcionamento dos centros educativos públicos. O traballo ten recaído especialmente nas direccións dos centros e nos docentes, sen que estes foran dotados de maiores recursos e vendo como, nalgúns casos, se están facendo gastos para lle facer fronte á Covid con cargo ás partidas das escolas. Os recursos esgotanse e a Xunta non realiza ningunha achega.

5. Das medidas tomadas polo Concello do Grove

Malia a gravidade do momento que estamos vivindo, no que a colaboración entre administracións debería ser a liña de traballo e onde as prioridades se centran na saúde e na seguridade, a total falta de colaboración da Xunta de Galicia supón un problema engadido que non debería presentarse. A pesar disto, o Concello do Grove segue traballando pola sanidade e a educación, ambas as cuestións en que non ten competencias. Dende o comezo da crise, e **só no referido a educación, o Concello puxo en marcha as seguintes medidas:**

- Reforzo da limpeza diaria dos colexios públicos. Custo: 22.450 €.
- Adquisición de xel hidroalcolico, papel, xabón para distribución nos colexios públicos. Custo inicial de máis de 1000 €.
- Adquisición de nebulizador e de produtos de desinfección específicos para seren aplicados polo servizo de Emerxencias. Custo inicial de máis de 500 €. Só a compra do nebulizador e dos produtos, sen contar as horas que adiquen os operarios de emerxencias a este labor.

Diante desta situación, ou Pleno do Concello do O Grove, ACORDA:

1. Esixir da Xunta de Galicia que asuma directamente os gastos de desinfección dos colexios ao tratarse, segundo coinciden numerosos ditames xurídicos, dunha competencia autonómica. Para ese fin, o Concello do Grove remitiralle as facturas orixinadas polos gastos de competencias que son propias da Comunidade Autónoma á Consellería de Educación da Xunta de Galicia.
2. Expresar o descontento do Concello do Grove polos problemas que están a xurdir no comezo do curso, froito da falta de diálogo con toda a comunidade educativa e tamén cos concellos, e reclamar da Consellería de Educación un cambio que permita afrontar os problemas que ocasiona a pandemia de Covid-19 dende o entendemento entre todas as partes implicadas e non dende a imposición.
3. A corporación municipal realizaralles un recoñecemento público ás direccións dos centros de educación pública local e ao seu persoal docente, que están traballando arreo para garantiren o dereito á educación dos nosos nenos e nenas.
4. Comunicarlle estes acordos á Xunta de Galicia e á Fegamp.

O Grove, 21 setembro de 2020

O voceiro do Grupo de Goberno

Jose Cacabelos